

III ASEMBLEA NACIONAL

TESE POLÍTICA

1. O OBXETIVO ESTRATÉXICO

Coa asunción dos Principios Éticos e Ideolóxicos que nos reúnen no Encontro Irmandiño, aspiramos a ser as e os herdeiros e continuadores das contribucións de cidadáns e cidadás, forzas e movementos que ao longo dos séculos se comprometeron coa defensa afoutada da liberdade e coa a busca de alternativas á discriminación, á explotación e á inxustiza. Os nosos referentes máis próximos son o pensamento galeguista e particularmente o socialismo nacionalista cuxa hexemonía ideolóxica contribuíu de xeito determinante a que o pobo galego fose quen de idear e construír a organización xenuína e plural que fixo avanzar a conciencia nacional nas dúas últimas décadas do século XX.

Son os piares das nosas liñas estratéxicas que Galiza é unha nación sometida ao rol de colonia interior no seo do Estado Español; que o suxeito histórico que pode facer avanzar á sociedade galega cara a igualdade e a fraternidade é diverso e consecuentemente plural; que a construción dunha Galiza socialista, é dicir, autenticamente democrática e sen explotación esixe excluír calquera forma despótica de poder, e que a liberación ten que ser por e para o pobo galego.

A sociedade socialista: concibimos a sociedade socialista como unha sociedade sen clases, plenamente democrática, onde a propiedade real dos medios de produción sexa colectiva, onde as decisións económicas sexan realmente exercidas polos traballadores e traballadoras mediante a autoxestión e a planificación descentralizada, e onde o poder político exprese a consciente vontade dos máis e garanta a liberdade de todas as persoas.

As nacións no socialismo: para o Encontro Irmandiño a emancipación das nacións, a súa realización plena como nacións, ten o mesmo valor histórico que a emancipación das clases explotadas e vai inseparablemente vencellada á destas no camiño da destrución do capitalismo e a construción do socialismo.

Cambiar o modelo de sociedade xa non é unha elección é unha necesidade. O actual está a chegar aos seus límites tamén por mor do esgotamento dos recursos, da biodiversidade, e cómpre mudalo. Non é sostíbel un modelo que precisa da espoliación sen límites dos recursos naturais, nin garda relación coas necesidades da humanidade. O crecemento infinito como base do sistema non so conduce a un cataclismo ecolóxico irreversible senón que xa está a producir “deshumanización” da

sociedade e por mor dunha obsesión material irrefreábel extermina culturas, linguas, civilizacións e todo o que signifique futuro.

2. A SITUACIÓN POLÍTICA

A situación mundial

Nunca como neste momento, foi máis doado realizar unha lectura crítica, dende a esquerda e dende o nacionalismo, da situación do noso mundo.

O poder, implacábel, omnímodo, do capital financeiro (recoñecíbel detrás do eufemismo de "os mercados") resulta evidente diante da cidadanía.

Dunha banda, ponse de manifesto que quen dita as leis da economía é un grupo cada vez máis pequeno, máis reducido, doutra, [a impotencia de cidadás e cidadáns.

Efectivamente, o desenrolo dos acontecementos nos últimos meses, puxo de manifesto a impotencia dos gobernos "democráticos" fronte a dito poder. Logo dun primeiro momento no que mesmo faláron de "refundar o capitalismo", pasaron á acción aprobando multimillonarias axudas para aqueles que provocaran a crise. Axudas que recaeron sobre os orzamentos dos Estados en primeira instancia e, naturalmente, sobre a cidadanía, definindo unha política de perfecta complicidade deses gobernos cos "mercados".

Estas iniciais cargas agora volven a recaer sobre a xente, duplicadas, ao impoñer os mesmos gobernos as reaccionarias políticas sociais que reclaman os mesmos que provocaron a situación.

En suma, a crise bancaria internacional, salvada cos cartos públicos, produciu a crise da economía produtiva. E o propio poder financeiro imponlle políticas antisociais á cidadanía. Todo, as axudas á banca e os recortes sociais, recae nas costas de cidadáns e cidadás comúns.

E todo expresando a absoluta impotencia, cando non complicidade, dos gobernos "democráticos".

Non é menos evidente, tamén neste momento, a natureza imperialista da relación xerárquica mundial. Os Estados Unidos do Partido Demócrata, que espían aos seus aliados, que os somete aos seus intereses e aos intereses do poder financeiro mundial, actúa a este nivel cun grado de coherente continuidade coa administración republicana. As informacións que percorren os medios de comunicación nos últimos meses, representan a evidencia, por outra banda non necesaria, da natureza das relacións internacionais.

O debuxo da actual situación da humanidade e do mundo non ficaría completo de non expresar o terríbel carácter depredador do actual sistema ultraliberal. A insaciábel sede de poder e beneficios inmediatos é a que incentiva a continuada explotación dos recursos do noso planeta, a continuada destrución de ecosistemas, a perda de biodiversidade e, ao fin, a degradación das condicións ambientais que traen consigo a inevitable degradación das nosas vidas. Os datos son contundentes: a nivel mundial os poderosos non chegan ao 1% da poboación, mais aínda así posúen máis do 25% da riqueza do planeta.

Europa, abandeirada da mundialización, é pioneira na desregulación financeira até o punto de entregar a política monetaria a “técnicos” subtraéndoa do control democrático. O estado de benestar esfaréllase. O paso do estado social ao estado penal acelérase. O discurso xustificador do que convén ao Capital Monopolista Internacional na frenética evolución da crise financeira esixe uns cambios continuos que en pouco máis dun ano deixaron sen creto aos expertos e aos gobernos que seguen os seus ditados.

O Encontro Irmandiño, como forza política que asume a súa pertenza a unha nación sen estado, considérase parte do conxunto de forzas – entre elas os movementos altermundistas - que procuran un mundo de relacións entre as nacións apoiadas no antiimperialismo, na loita pola igualdade entre as nacións e os seres humanos, e por un sistema económico, incluída a regulación financeira e monetaria, controlado polas maiorías, que permita un modelo de vida sustentábel.

A situación no Estado Español

No Estado Español, tamén a situación económica ten pasado a ser o centro do debate político. O goberno español, dirixido polo PSOE, tardou nada en aceptar a ditadura dos mercados e do poder financeiro e optar por unha política económica francamente de dereitas.

O absoluto sometemento das cúpulas do PSOE e o PP á ditadura internacional, o desarme en política monetaria que priva ao estado do recurso á devaluación da moeda e a absoluta dependencia do exterior da economía española está a deixar ao goberno coa única opción de agardar polo auxilio da reactivación dos outros mentres se limita a tranquilizar aos “mercados” entregándolles todo o que pidan en recortes sociais, privatización e fiscalidade que favoreza ao capital especulador.

Dita política, acadou o seu primeiro fito coa reforma laboral, reforma que deixa aos traballadores e traballadoras moito mais expostos á crueza das decisións dos poderes empresariais. Ademais, xa o propio goberno aprobou a reforma das pensións e a ampliación da idade de xubilación.

Se no seu momento chamou a atención da opinión pública o "golpe de temón" cara a dereita levado a cabo polo Presidente Zapatero a instancias de poderes externos, non

menos escandalosas son as posicións expostas polo goberno tras a reunión do Presidente cos representantes das empresas máis poderosas. Namentres Zapatero se reúne cos poderosos, o dialogo coas bases sociais progresistas debilítase a pasos axigantados.

Pola contra a contestación á política governamental, coas folgas xerais de setembro e do pasado xaneiro, non ten conseguido provocar ningún cambio, aparentemente, nas posicións do goberno.

Sen necesidade de salientar máis acontecementos, a traxectoria do PSOE conduce a unha política de regresión social, de afortalamiento dos poderes empresariais e de favorecemento das posicións ultraliberais, de abandono das xentes desfavorecidas, do incremento da precariedade laboral e do paro, ao fin, á instalación dominante das posicións da dereita económica. Hoxe pódese afirmar que o goberno do PSOE, implantando unha política económica deste estilo, esta abrindo as portas ao trunfo da dereita política.

Hai unha ampla percepción social, xa non da incapacidade do goberno para saír da situación, senón moito máis aló, do pleno compromiso do PSOE cunha saída da crise a costa dos traballadores e traballadoras. Esta percepción é compartida polos sectores sociais afectos ao nacionalismo galego, e particularmente polos sindicais.

Os continuos reforzos dos instrumentos represores non son alleos á crise democrática do Estado Español. A aberta traizón aos mandados electorais provoca descrédito dos "políticos", desánimo e frustración na cidadanía, e pódese volver en rebeldía aberta aínda contando coa colaboración das cúpulas sindicais españolas que se afanan en cultivar a resignación.

O Encontro Irmandiño, [engadir coma] como organización comprometida cos sectores populares, entende que hoxe o goberno do PSOE abandeira unha política de dereitas que fai repercutir a crise sobre os sectores máis humildes da sociedade. O goberno español compórtase como un fiel aliado dos poderes financeiros e empresariais.

Polo mesmo, defenderemos a posición de obrigar ao goberno do PSOE a rectificar a súa política económica, para favorecer unha saída da crise a favor dos intereses populares e da nación galega. Namentres non se produza tal rectificación, non prestar ningún tipo de apoio a un goberno que leva á practica unha política indistinguíbel daquela que executaría o Partido Popular de estar este no goberno.

Esta situación sitúa no primeiro plano da loita política a defensa da democracia e o exercicio do dereito de autodeterminación, pero tamén promovendo iniciativas con participación activa da cidadanía, en oposición á ditaduran do capital financeiro, ao espolio de recursos e á privación ilexítima de dereitos individuais e colectivos. Polo que é urxente elaborar unha proposta de normas constitucionais de organización do poder galego, consecuentes coa democracia directa e participativa.

É preciso facer evidente a ditadura do capital financeiro, a traizón dos gobernantes e o saqueo do público que se está a facer para provocar a indignación e a rebeldía cívica.

A situación na Galiza

Na Galiza a crise económica sobreponse ás consecuencias das políticas dos últimos 25 anos que se fixeron para destruír o agro, a pesca e todos os sectores económicos que os monopolios non podían ou non lles convida controlar e lles significaban competencia.

A nosa lingua non so é privada do obrigado apoio das institucións autonómicas para a súa normalización dende a chegada da dereita senón que é atacada dende as institucións que teñen a obriga legal de defendela.

No político, Galiza segue a ser negada como nación no Estado e a sentenza do Tribunal Constitucional sobre do Estatuto de Cataluña significa o peche definitivo da vía da reforma estatutaria como camiño á autodeterminación.

Da Xunta, a brigada de demolición que ocupa San Caetano, sequera mostran na faciana o máis leve xesto de desgusto por estar a destruír servizos públicos como a sanidade e o ensino; por liquidar a investigación escasamente financiada ou por abandonar aos maiores dependentes. Polo contrario vense rufos e felices coma cando atacan o galego ou privatizan os recursos naturais para alegría dos seus amigos.

Fronte ás políticas neofascistas e ultraliberais só cabe unha posición. Oposición total ao goberno do Partido Popular, oposición parlamentaria, oposición social e sindical, na rúa e nas institucións. Velaí a única seguridade de impedir o avance da dereita.

O nacionalismo e a súa unidade

O nacionalismo é un fenómeno sociopolítico que sobarda os límites das organizacións, e a unidade un obxectivo irrenunciábel ao que o Encontro Irmandiño contribuirá para crear un referente político.

A maioría do nacionalismo galego participou na creación do BNG que durante máis de tres lustros foi un exemplo de organización plural e de éxito, non so electoral, eido no que chegou a ser a primeira forza da oposición a un fraguismo en declive, senón e máis importante, chegou a hexemonizar social e ideoloxicamente á maioría da sociedade galega e constituírse no primordial referente político na defensa dos intereses nacionais.

É certo que moito se ten desandado polo BNG nos últimos anos da man das componendas co poder, da obsesión pola homologación coas forzas políticas

clásicas, de virar as costas á base social e á militancia e da burocratización até quedar inerte para combater aos neofascistas do PP na Xunta, cando máis fácil debía ser pola evidencia da súa política antigalega e antisocial e ante a crueza da crise financeira, económica, social e de representación democrática.

Neste proceso de reconstituír a unidade e un referente de carácter político no que todos e todas somos necesarias e ao que queremos incorporar a longa traxectoria do nacionalismo nas súas distintas etapas históricas, queremos, iso si, recuperar os valores de esquerda, cidadáns, democráticos e republicanos da participación, horizontalidade e democracia participativa. Un movemento político en sintonía coa sociedade para ser quen de lle facer fronte á ditadura do capital financeiro e á brigada de demolición de San Caetano, non pode agardar máis.

A relación do EI cos movementos sociais

O EI debe estar aberto e inxerido nas dinámicas sociais, respectando de forma escrupulosa a independencia de todos os axentes e movementos sociais, impregnándose dos debates que estes dean, pendente das súas demandas e pretendendo tecer unha relación fraterna en plano de igualdade que permita canalizar politicamente as demandas que desde as distintas sensibilidades e plurais campos onde estes traballan, consideremos máis acaídas.

O espazo da Rolda da Rebeldía, que o Encontro Irmandiño impulsou sen apoderarse, resultou un dos mellores procesos de comunicación entre a esquerda social e a política que se deron neste país nos últimos anos e no que debemos seguir afondando, como proceso que é.

3. COMPROMISOS

O Encontro Irmandiño, propónse traballar coa sociedade civil nestas liñas:

Na urxente loita pola democracia real, compre alentar iniciativas con participación activa da cidadanía, en oposición á ditadura, ao espolio de recursos e á privación ilexítima de dereitos individuais e colectivos.

- Reclamando a democratización do poder mundial, FMI, Banco Mundial e a ONU. Para construír unha nova orde internacional baseada na cooperación e na igualdade das nacións e nunhas relacións económicas xustas.
- Pular pola creación dunha organización internacional antiimperialista, democrática nos fins e no funcionamento na que participen en pe de igualdade as organizacións nacionais, comezando por integrármonos na Rede Mundial polos

Dereitos Colectivos dos Pobos, e aproveitar as vantaxes que nos ofrece a pertenza á comunidade lingüística galego portuguesa.

- Comprometémonos na construción da Europa dos Pobos, única saída para a supervivencia da UE.
- Esixindo do Goberno Español que governe conforme aos compromisos coa maioría da cidadanía e non aos ditados do capital financeiro.

No ámbito galego, como xa dixemos, oposición total ao goberno do Partido Popular, oposición parlamentar, oposición social e sindical, na rúa e nas institucións. Velaí a única seguridade de impedir o avance da dereita.

- Advertir aos usurpadores que un novo goberno democrático galego que a cidadanía vai instaurar tarde ou cedo non vai bendicir os roubos e rescatará para o común todo o roubado.
- Desenvolver alternativas, con propostas claras, documentos e estudos, en todos os eidos, partillándoas coa sociedade civil e levándoas ás instancias políticas en que se decida actuar. Alternativas adaptadas á realidade do noso país pero tamén atentas ás experiencias de moitos dos movementos sociais mundiais que procuran unha mudanza de sistema. Como punto de partida o Encontro Irmandiño considera acaidas as liñas do Programa de Goberno do BNG de 1997 e 2001.
- Feminismo, mocidade, agro e soberanía alimentar, transporte, enerxía, pesca, industria, urbanismo, política territorial, ambiente, modelo democrático, modelo social e política fiscal, instrumentos financeiros públicos, etc... son eidos nos que o Encontro Irmandiño deberá desenvolver propostas nos próximos meses.

Para a reconstrución da unidade do nacionalismo galego.

- O Encontro Irmandiño pulará por reconstruír a unidade dun referente de carácter político para o que toda e todos somos necesarios e ao que queremos incorporar a longa traxectoria do nacionalismo nas súas distintas etapas históricas, queremos, iso si, recuperar os valores de esquerda, cidadáns, democráticos e republicanos da participación, horizontalidade e democracia participativa. Mais a urxencia de lle facer fronte á ditadura do capital financeiro e á brigada de demolición de San Caetano, esixe xa un movemento político en sintonía coa sociedade, coa forza da cidadanía organizada, e non pode agardar máis.
- No que atinxe ao BNG, o EI pulará pola rexeneración da fronte coa condición de que se acepte abrir o BNG á sociedade, reintegrándoo aos milleiros de xentes nacionalistas de dentro e ás excluídas por expulsión, sectarismo ou cansazo de

aturar unhas relacións internas insoportábeis, e que se desarme o aparello burocrático ao servizo da dirixencia.

Na relación cos movementos sociais

- Apoio á Rolda da Rebeldía para continuar o diálogo entre a esquerda social e a política.
- Impulsar unha pedagogía da economía moral, apoiando iniciativas coma a renda básica ou as cooperativas de crédito éticas.

O referente político

Sobre da base de que o Encontro Irmandiño non pretende ser o único suxeito político que contribúa á liberación nacional e social de Galiza, pois a liberación será cousa de todas e todos, calquera persoa ou organización que comparta connosco os obxectivos de liberación e acepte relacionarse de igual a igual, serán tratadas pola nosa parte como irmáns e irmás.

Consideramos que resulta evidente que a expresión política organizada do nacionalismo galego se acha arestora nunha situación crítica.

O BNG está a ser succionado nese letal rodopío, en grande medida por graves erros cometidos e vicios propios adquiridos.

Puidera ser atinado, se o facemos coa forza e a intelixencia precisa, apostarmos pola rexeneración da fronte nacionalista sobre o deseño construído hai agora tres décadas. Mais cumpriría, como condición inescusábel, que houbera xa, sen máis dilacións, unha resposta decididamente positiva á rexeneración democrática horizontal interna da fronte e á efectiva recuperación do proxecto estratéxico de emancipación social e nacional da Galiza, reactivado tanto no seo da sociedade civil canto da política, tanto na acción e loita social canto na institucional.

Unha condición, esa, que implica aceptar reabrirse á sociedade, devolvendo a fronte ás xentes nacionalistas de dentro e ás de fora excluídas por expulsión, sectarismo ou cansazo de aturar unhas relacións internas insoportábeis, e desarmar o aparello burocrático hoxe ao servizo exclusivo dun grupo que se reproduce e perpetúa a costa e en prexuízo do “proxecto común” e da democracia horizontal.

En calquera caso, de non ser así, debemos traballar a prol de reconstruírmos, onde for, a unidade nun novo referente político para o que toda e todos somos necesarios e ao que queremos incorporar a longa traxectoria do nacionalismo nas súas distintasetapas históricas, recuperándonos os valores de esquerda, cívicos, democráticos e republicanos da igualdade, a fraternidade e a democracia horizontal e participativa.

Precisamos toda a lucidez e a forza que cómpren para reunirmos intelixentemente todo o que as persoas e colectivos do común cidadán poidan aportar, e xenerosidade abondo para non dar por definitivos os xuízos duns sobre dos outros. Se, reiterémolo, asumimos e nos comprometemos a recuperar os valores de esquerda, cidadáns, democráticos e republicanos da igualdade, a fraternidade e a democracia participativa e solidaria, daquela podemos logralo.

A urxencia de lle facermos fronte á ditadura do capital financeiro e á brigada de demolicións do PP instalada en San Caetano urxe xa un movemento político en sintonía coa diversa e plural maioría social deste pobo outravolta e reduplicadamente oprimido e espoliado, coa forza dunha cidadanía reorganizada tanto na sociedade civil coma na política.